

MARCOS ESCOBAR violín

Nacido en Vigo, estudou no Conservatorio Superior da súa cidade natal, onde se graduou coas máximas cualificacións. No Conservatorio de Bruxelas e no Conservatorio de Utrecht finaliza os seus estudos de posgrao. Estuda cos profesores M. Martínez, E. Kleve, J. Torre, E. Koskinen e K. Turpie. Asistiu a clases maxistrais con S. Mintz, I. Rashkowsky, G. Claret, O. Vilkomirskaya e D. White. Formou parte da Joven Orquesta Nacional de España, da Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia e colabora asiduamente coa Sinfónica de Galicia. Forma parte tamén da Orquestra Spanniard. No eido da música contemporánea traballou co Ensemble de Música do CGAC e con Ensemble Nordesía. Actualmente é profesor no Conservatorio Profesional de Música de Vigo e concertino na orquestra Vigo 430.

BERTA FRESCO piano

Naceu en Getxo, e cursou os seus primeiros estudos no Conservatorio de Leioa. Realizou o grao superior no Conservatorio de Vitoria con A. Neto, conseguindo o Premio de Honra Fin de Carreira, e un posgrao de piano na Royal Academy of Music con C. Elton. No Conservatorio de Utrecht estudou co profesor D. Kuijken e clave con M. Visser. Recibiu clases maxistrais de F. Gevers, A. Cano, J. Achúcarro, E. Jiménez, E. Kolodin, J. Wijn, A. Jazsinsky, J. Gruithuyzen e M. Perahia. Obtivo premios nos concursos de Gernika, Else Cros, Lilian Davies, Albacete e San Sebastián. Actualmente compaxina a súa actividade concertística (recentemente realizou concertos en Perú e México) e como profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

xornadas de MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Santiago de Compostela

27 setembro – 31 outubro 2013

Cantiga, catro compositores galegos de hoxe

MARCOS ESCOBAR violín

BERTA FRESCO piano

Paraninfo da Universidade
Facultade de Xeografía e Historia
mércores 30 outubro
20.30



Manuel Rodeiro (1965)

Luar (1990)

piano

Juan Carlos Fontana (1963)

A muller vestida de sol** (2013)

violín e piano

Jesús González (1965)

Cantiga-Filipense (2012)

piano

Jesús González (1965)

Cantiga 2* (2012)

violín e piano

Antón L. Pulido (1971)

Dúo I e II* (2013)

violín e piano

* estrea absoluta

** estrea da versión de violín

Cantiga é unha perspectiva en torno a catro compositores representativos da música contemporánea galega de hoxe. Violín e piano achegarannos obras cun carácter tan sensible como enérxico, íntimo ou poético. Música actual e sen complexos, onde apreciaremos as riquezas tanto tímbricas como expresivas de ambos os dous instrumentos.

Coméntanos Rodeiro da súa obra: “No Madrid de finais dos oitenta, buscaba os atardeceres, os arrabaldes e a desdita, como un Borges adolescente. Por iso tiña aquela tristeza, que nunca dixen que tiña, a de quen anda pola cidade como quen anda polo campo, como di Caeiro que andaba Cesário Verde. Faltábame a ilusión e consumíame o tempo nas cidades ruidosas, onde o azul se mostra a pedazos, no alto, entre os cimacios, como no poema de Montale. Nestas, compuxen esta peciña deste fermoso título que extraín do acervo da miña lingua, ou talvez de Pessoa, e que un coñecido programa da televisión de Galicia me arruinou irremisiblemente.”

Fontana bríndanos unha obra inspirada nunha pasaxe da Apocalipse: “Un gran sinal apareceu no ceo: unha muller, vestida co sol, coa lúa baixo aos seus pés e máis unha coroa de doce estrelas sobre a súa cabeza, está preñada e berra polas dores do parto e mailo tormento de parir. E apareceu outro sinal no ceo: un gran dragón vermello, con sete cabezas e dez cornos, e sobre as súas cabezas sete diademas... (continuará).

Na serie de Cantigas, González intenta evocar os cantos de antano na nosa terra. Cantos de galegos, cantos de estranxeiros, cantos de soidade, de tenrura, de esperanza, de amor ou desamor... pero sempre cantos. Cantiga-Filipense é unha obra de clara inspiración relixiosa e espiritual, dedicada á Comunidade Filipense de Barcelona. En Cantiga 2, o violín entoa un canto solitario e contemplativo, o cal é acompañado moi discretamente por un piano que adquire o seu protagonismo xusto nun solemne final.

De Pulido escoitaremos dous movementos da serie *Dúo*. O primeiro mostra un gran despregue de virtuosismo por parte dos instrumentistas, baseado nun breve motivo que vai collendo forza e ampliándose ata desembocar nun vertixinoso *tour de force*. O segundo de carácter lírico (expresivo) e calmado, artéllase sobre unha melodía popular galega.